



POBO ESCOLA LODOSELO

O Centro de Desenvolvemento Rural "O Viso", ante o descoñecemento da realidade rural e natural, a perda de identidade cultural, a reestruturación e os cambios nos modelos de produción que está a provocar o total esquecemento do acervo cultural nos nosos pobos e aldeas, oferta dende 1.994 unha achega de coñecemento vital da realidade rural: entorno natural e humano, modos de vida... mediante o programa do "POBO ESCOLA" que quere contribuír ó mantemento e desenvolvemento das persoas afincadas aquí.

Propomos actividades para un día ou varios, fins de semana, excursións de fin de curso, campamentos ..., coa finalidade de paliar ese descoñecemento das/os nenas/os, da vida das aldeas; achegando así, novas experiencias e diferentes maneiras de aprender. Un lugar onde os mellores recursos educativos son as persoas que viven no rural e os que nos ofrece o propio medio.

Vindo a Lodoselo estás posibilitando que o CDR "O Viso" trate de facer posible o que nos parece necesario: recuperar para a acción educativa o patrimonio cultural e social da comunidade rural. Os ingresos van destinados ós programas sociais que temos en marcha: comedor social, axuda e acompañamento a familias desfavorecidas, vivenda comunitaria, centro de día, etc...



Información e Reservas:

Teléfono: 988 461571

ou correo electrónico: cixdalimia@cdroviso.org; info@cdroviso.org

Horario de atención: De luns a venres dende ás 10.00hs. ás 14.00hs.

VIDE A VIVIR UNHA GRAN EXPERIENCIA RURAL!



“PRECÍSASE DUN POBO PARA EDUCAR A UNHA/UN NENA/O”

ACTIVIDADES E TARIFAS

POBO ESCOLA LODOSELO

ESCOLAS INFANTÍS

Actividades:

- Elaboración de pan artesanal de forma tradicional.
- Conto “O Carballo con botas” / Xerminando no teu brick.
- Amig@s dos animais (coñecemos os animais e damos un paseo no burro Fariñeiro).
- Que nos dá a terra? Visita á horta.
- Xogo sensorial con elementos da natureza.

EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

Actividades:

- Elaboración de pan artesanal de forma tradicional.
- Conto “O Carballo con botas” / Xerminando no teu brick.
- Obradoiro de Papel Reciclado.
- Amig@s dos animais (coñecemos os animais e damos un paseo no burro Fariñeiro).
- Que nos dá a terra? Visita á horta.
- Xogos populares e tradicionais.
- Aprendemos a reciclar.

EDUCACIÓN SECUNDARIA

Actividades:

- Elaboración de pan artesanal de forma tradicional.
- Rastrexo por Lodoselo.
- Xogos de orientación.
- Xogos tradicionais e populares.
- Obradoiro de Papel Reciclado.
- Os animais e a horta.

PREZOS DUN DÍA PARA GRUPOS

Temporada baixa (dende setembro ata abril).

- Grupos entre 23 e 50 nenas/os: 7,00 €/nena/o
- Grupos menores de 23 nenas/os: 165 €/día/grupo

Temporada alta (dende maio ata agosto).

- Grupos entre 23 e 50 rapazas/es: 8,00 €/nena/o
- Grupos menores de 23 rapazas/es: 185 €/día/grupo

Xantar: 5,00 €/persoa.

*Grupos de alumnado de escolas infantís, CEIP, IES etc. de luns a venres.

DÍA TIPO

10.00 h.	Benvida
10.30 h.	Actividade 1
11.00 h.	Pausa
11.30	Rematamos a Actividade 1
12.30	Actividade 2 (rotatoria)
	Actividade 3 (rotatoria)
13.30 h/14.00 h	Pausa para xantar
15.00 h	Descanso-Tempo Libre
15.30 h	Actividade 4
16.30	Despedida

- ❖ Adaptaranse as actividades en función da idade e características do grupo.
- ❖ O horario é orientativo e flexible en función da dispoñibilidade de cada grupo.

O CDR O VISO GARANTE...

- ❖ Seguro R.C.
- ❖ Horario flexible
- ❖ Programación adaptada a cada grupo.
- ❖ Persoal titulado.



Reservas e máis información:

Tlf.: 988461571

Email: cixdalimia@cdroviso.org

Visita a nosa web e o noso Facebook:

www.cdroviso.org

www.facebook.com/oviso.cdr/

